

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NOS ESTATUTOS DA A.N.P.A. “OS VALADOS” DO C.E.I.P.
VILAVERDE – MOURENTE

A continuación lístanse as modificacións propostas nos estatutos vixentes. O motivo principal dos cambios é cambiar a forma de elección da Xunta Directiva para que non se elixa por metades senón unha vez cada dous anos. Tamén se reduce o número mínimo de membros (de 11 a 6) e se fixa un número máximo (15).

Aproveitase para clarificar algúns artigos.

Estatutos actuais	Modificación proposta
Artigo 3º b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.	Artigo 3º b) Colaborar ou organizar actividades educativas, extraescolares ou complementarias do centro.
<p>Artigo 8. A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presidente, - Vicepresidente, - Secretario, - Administrador-Tesoreiro, - alomenos sete (7) Vocais. <p>Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partir do segundo ano, cada ano a metade dos membros.</p>	<p>Artigo 8. A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por un mínimo de seis e un máximo de quince membros. Os seus integrantes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, e o seu mandato terá unha duración de dous anos.</p> <p>A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros nomeados pola Asemblea os seguintes cargos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presidente/a - Vicepresidente/a - Secretario/a - Administrador-Tesoureiro/a <p>O resto de membros da Xunta Directiva terán a consideración de Vogais.</p>
Artigo 10. A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente asemblea, será polo procedemento de listas abertas.	Artigo 10. A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea, será polo procedemento de listas abertas, resultando elixidos os quince candidatos/as con maior número de votos. En caso de empate nos derradeiros postos repetirase a votación entre os candidatos empatados para decidir cales de eles pasan a formar parte da Xunta Directiva.
Artigo 11. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.	<p>Artigo 11. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros elixidos pola Asemblea as persoas que ocuparán os seguintes cargos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presidente/a - Vicepresidente/a - Secretario/a - Administrador-Tesoureiro/a <p>Estes cargos serán válidos ata a finalización do mandato da Xunta Directiva, aínda que poderán ser modificados en calquera momento pola propia Xunta Directiva.</p>

<p>Artigo 12. As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigacións inherentes ó cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.</p>	<p>Artigo 12. As vacantes que existiran na Xunta Directiva por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, cese como socio, non cumprimento dos requisitos para formar parte da Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións inherentes ó cargo, ou por elección na asemblea dun número inferior ao número máximo de compoñentes, poderán cubrirse por socios/as que cumpran os requisitos para formar parte da Xunta Directiva. Serán designados provisionalmente pola Xunta Directiva, ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral, que deberá ratificalos. Ata ser ratificados pola Asemblea non poderán ocupar outro posto que non sexa o de vogal. Os membros así designados ocuparán o posto ata que finalice o mandato para o que foi elixido o membro ao que substitúen.</p>
<p>Artigo 13. A Xunta Directiva reunirse todos os meses do curso escolar e sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus compoñentes. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes ós presentes. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade para deixar sin efecto o empate.</p>	<p>Artigo 13. A Xunta Directiva reunirse unha vez cada dous meses do período lectivo e sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun terzo da totalidade dos seus compoñentes. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría simple dos votos correspondentes ós presentes, e dicir, cando o número de votos positivos supere o número de votos negativos. En caso de empate, o voto do presidente poderá ser de calidade para deixar sen efecto o empate. No caso da incorporación de novos membros da Xunta Directiva, exixírase unha maioría absoluta, e dicir o número de votos positivos debe ser a metade máis un do número de membros da Xunta Directiva.</p>
<p>Artigo 15. O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados; Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordenar pagos e asinar, xunto co Administrador-Tesoreiro, os libramentos, cheques, etc.;</p>	<p>Artigo 15. O Presidente terá as seguintes atribucións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representar legalmente á Asociación ante toda clase de persoas, Organismos ou entidades - Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como

<p>recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas; autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sin perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirán tamén, en todo caso, todas as facultades que a Lei establece.</p>	<p>dirixir as deliberacións dunha e doutra</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenar pagos e asinar, xunto co Administrador-Tesoureiro/a, os libramentos, cheques, etc. - Recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións ou doacións de persoas, Entidades Públicas e/ou privadas - Autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación - Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva - Asumirán tamén, en todo caso, todas as facultades que a Lei establece.
<p>Artigo 20. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.</p>	<p>Artigo 20. No caso de producirse vacantes durante o mandato da Xunta Directiva nos cargos da Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría ou Tesourería, a Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros elixidos pola Asemblea as persoas que ocuparán o cargo ata a finalización do mandato.</p>
<p>Artigo 25 a) Nomeamento das Xuntas Directivas.</p>	<p>Artigo 25 a) Disolución da Asociación. (antigo apartado f)</p>
<p>Artigo 27 b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.</p>	<p>Artigo 27 b) Ter voz e voto nas Asembleas Xerais.</p>
<p>Artigo 28 a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.</p>	<p>Artigo 28 a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación, regulamento de réxime interno e os acordos da Asemblea e da Xunta Directiva.</p>
<p>Artigo 29. Causarase baixa na Asociación:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Por petición do interesado. b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro. c) Por impago das cuotas por un período superior a tres meses e mediando un apercibimento previo da Xunta Directiva. d) Por incumprimento dos Estatutos. e) Por utilización da Asociación con fins alleos os específicos da mesma. <p>Para excluír a calquera socio polas causas do apartado d e e do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán ben os feitos que orixinan a expulsión. Asimesmo deberá oírse</p>	<p>Artigo 29. Causarase baixa na Asociación:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Por petición do interesado. b) Por non ter fillos ou tutelados matriculados no centro, ou por perda da patria potestade. c) Por impago das cotas ordinarias ou extraordinarias establecidas. d) Por incumprimento dos Estatutos. e) Por utilización da Asociación con fins alleos os específicos da mesma. <p>Para excluír a calquera socio polas causas do apartado “d” e “e” deste artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán ben os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberá</p>

<p>o propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ó expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase pola súa expulsión presentaraa na próxima Asemblea Xeral que despois de oír á Xunta Directiva e ó Socio, se o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.</p>	<p>oírse o propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ó expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna.´ A decisión será inmediatamente executiva. O socio expedientado poderá recurrir a decisión da Xunta Directiva diante da primeira Asemblea que se celebre, debendo comunicar dita decisión á Xunta Directiva nos seguintes quince días á notificación da decisión. Nese caso a seguinte Asemblea Xeral, despois de oír á Xunta Directiva e ó socio, se o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.</p>
	<p>DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª. A nova redacción dos estatutos entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral</p>
	<p>DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª. Coa aprobación da modificación dos estatutos, prodúcese o cese de todos os membros da Xunta Directiva, debendo celebrarse a elección dos novos membros da Xunta Directiva nun prazo máximo de 15 días.</p>